

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0211	Destrezas sociais	2018/2019	4	123	123

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ESTRELLA MARÍA GARCÍA GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

O módulo profesional de Destrezas Sociais contén a formación necesaria para que o alumnado adquira as habilidades sociais necesarias para desenvolver unha profesión de axuda e interactuar adecuadamente nas súas relacións profesionais con outras persoas, adaptando o seu comportamento ás características destas e ao contexto.

Trátase dun módulo nomeadamente procedimental e actitudinal, en que se dá resposta ás seguintes funcións:

1. De intervención ou execución que abrangue a recollida de información acerca das habilidades sociais que se posúen e das que se carece, a organización da actuación e a previsión de continxencias, o establecemento, de ser o caso, de axudas técnicas para a comunicación, e a posta en práctica das habilidades sociais adquiridas.
2. De avaliación da competencia social do persoal profesional, tanto no relativo ás relacións interpersoais como para a dinamización de grupos ou a participación neles desempeñando diversos papeis. Refírese ao control e o seguimento da propia evolución na adquisición da competencia social necesaria para se relacionar axeitadamente coas demais persoas no desempeño das súas funcións.
3. De xestión de conflitos que fai referencia á posta en marcha de todos os mecanismos dispoñibles para a súa solución e supón mediación e negociación.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais p), q), s), u), w) e z) do ciclo formativo, e as competencias n), ñ, p), r), t) e v).

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica. As ocupacións e os postos de traballo salientados, son os seguintes:

- Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/ora en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/ora.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsábel de pranta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.
- Traballador/ora familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/ora de teleasistencia.

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, o aumento de persoas maiores na nosa comunidade e a diminución de coidadoras informais, faría previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable, se ben o actual escenario socioeconómico pode frear a demanda de persoas altamente cualificadas para tarefas de atención.

O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observaba nos últimos anos vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades de apoio psicosocial.

A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria tamén unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

A presente programación concreta se adapta o currículo do módulo ao contorno socioeconómico e características do alumnado do ciclo formativo de grao medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia do CIFP Compostela, na cidade de Santiago de Compostela.



--



3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	COMUNICACIÓN, HABILIDADES SOCIAIS E INTELIXENCIA EMOCIONAL	Comunicación e habilidades sociais: Elementos da comunicación e técnicas para unha comunicación eficaz así como os compoñentes da habilidades sociais e a súa práctica	50	40
2	TÉCNICAS DE GRUPO E TRABALLO EN EQUIPO	O grupo e a súa dinámica: Estudo dos grupos sociais e a interacción que se produce entre os seus membros, así como dinámicas e técnicas para desenvolver o traballo en equipo.	34	27
3	XESTIÓN DE CONFLITOS	Abordaxe do conflito como parte do traballo profesional e estratexias para unha xestión axeitada.	21	18
4	AVALIACIÓN DA COMPETENCIA SOCIAL	Avaliación dos procesos de grupo e da propia competencia social en clave de mellora	18	15



4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	COMUNICACIÓN, HABILIDADES SOCIAIS E INTELIXENCIA EMOCIONAL	50

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.	SI
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbóronse os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais.
CA1.3 Identifícanse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
CA1.4 Identifícanse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.
CA1.5 Estableceuse unha comunicación eficaz para recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.6 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación.
CA1.7 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos diferenciadores persoais (emocións, sentimentos e personalidade).
CA1.8 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e a aprendizaxe.
CA4.8 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
OCA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.

4.1.e) Contidos

Contidos
Intelixencia emocional: educación emocional; emocións e sentimentos.
Habilidades sociais e conceptos afíns.
Importancia das habilidades sociais no exercicio profesional.
Análise da relación entre comunicación e calidade de vida nos ámbitos de intervención.
Proceso de comunicación. Comunicación verbal e non verbal. Estilos de comunicación. Papel da comunicación nas relacións interpersoais. Estratexias para unha comunicación eficaz.
Valoración comunicativa de contexto. Elementos facilitadores e obstáculos na comunicación
Valoración da importancia das actitudes e das habilidades sociais e comunicativas na relación de axuda.



Contidos

Mecanismos de defensa e comunicación.

Indicadores da competencia social.

Rexistro e interpretación de datos da competencia social.

Identificación de aspectos susceptibles de mellora. Proposta de actuación.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	TÉCNICAS DE GRUPO E TRABALLO EN EQUIPO	34

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de traballo en grupo adecuadas ao papel que desempeñe en cada momento.	SI
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os elementos fundamentais dun grupo e os factores que poidan modificar a súa dinámica.
CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
CA2.4 Diferenciáronse os papeis e a tipoloxía dos membros dun grupo.
CA2.5 Respectáronse as diferenzas individuais no traballo en grupo.
CA2.6 Identifícanse as principais barreiras de comunicación grupal.
CA2.7 Defínese a repartición de tarefas como procedemento para o traballo grupo.
CA2.8 Colaborouse na creación dun ambiente de traballo relaxado e cooperativo.
CA4.8 Actúouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos
CA4.9 Actúouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
0CA4.10 Actúouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.

4.2.e) Contidos

Contidos
O grupo: tipos e características; desenvolvemento grupal.
0Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.
Interpretación da estrutura e procesos de grupo.
Papeis e tipoloxías das persoas integrantes do grupo.
Técnicas de dinamización de grupos.
Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento do grupo.
Comunicación nos grupos: principais barreiras.
Equipos de traballo: organización e reparto de tarefas; traballo individual e en grupo.



Contidos

Aplicación de estratexias de traballo cooperativo.

A confianza no grupo.

Rexistro e interpretación de datos da competencia social.

Identificación de aspectos susceptibles de mellora. Proposta de actuación.

Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	XESTIÓN DE CONFLITOS	21

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de xestión de conflitos e resolución de problemas, para o que interpreta as pautas de actuación establecidas.	SI
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse a orixe dos problemas e dos conflitos.
CA3.2 Relacionáronse os recursos técnicos utilizados cos problemas estándar.
CA3.3 Presentouse ordenadamente e con claridade o proceso seguido e os resultados obtidos na resolución dun problema.
CA3.4 Planificáronse as tarefas que cumpra realizar con previsión das dificultades e do xeito de superalas.
CA3.5 Respectáronse as opinións das outras persoas acerca das posibles vías de solución de problemas.
CA3.6 Definiuse o concepto e os elementos da negociación na resolución de conflitos.
CA3.7 Identificáronse os comportamentos posibles nunha situación de negociación, así como a súa eficacia.
CA3.8 Discriminou entre datos e opinións.
CA4.8 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
OCA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.

4.3.e) Contidos

Contidos
O conflito nas relacións interpersoais: causas.
Aplicación das estratexias de resolución de conflitos.
Proceso de toma de decisións.
Xestión de conflitos: negociación e mediación.
Valoración do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	AVALIACIÓN DA COMPETENCIA SOCIAL	18

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Identifícanse os indicadores de avaliación da competencia social.
CA4.2 Rexístrouse a situación persoal e social de partida do persoal.
CA4.3 Rexístráronse os datos en soportes establecidos.
CA4.4 Interpretáronse os datos recollidos.
CA4.5 Identifícanse as actuacións realizadas que cumpra mellorar.
CA4.6 Marcáronse as pautas de mellora.
CA4.7 Efectuouse a valoración final do proceso.
CA4.8 Actuouse desenvolvendo actitudes e comportamentos axeitados cara o medio físico:orde,limpeza,coidado dos recursos
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación coas persoas:verbal e non verbal.
CA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados en relación ao traballo:participación.

4.4.e) Contidos

Contidos
Indicadores da competencia social.
Rexistro e interpretación de datos da competencia social.
Identificación de aspectos susceptibles de mellora. Proposta de actuación.
Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.
Análise e proceso de formación inicial e ao longo da vida do persoal profesional do traballo social.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

O Decreto que regula o título de Técnico Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, non recolle de forma explícita uns mínimos esixibles como tal. No en tanto, pódese extraer da súa lectura que, ao tratarse de ensinanzas profesionais, os mínimos esixibles para superar o módulo veñen determinados pola consecución dos resultados de aprendizaxe baseados nos criterios de avaliación. Aínda así, é certo que para a superación do módulo de habilidades sociais o alumnado ten que ser quen de:

- Aplicar un estilo asertivo en situación de interacción social.
- Experimentar estratexias para unha comunicación eficaz.
- Recoñecer as fases de desenvolvemento dos grupos sociais.
- Aplicar técnicas de grupo que faciliten a relación con outros profesionais e coas familias.
- Identificar a dinámica dos grupos e aplicar estratexias que favorezan a súa participación nos procesos educativos.
- Aplicar estratexias básicas para falar en público.
- Aplicar as habilidades sociais básicas en situacións xeradas no marco da aula.
- Analizar as causas dun conflito e aplicar estratexias que faciliten a súa resolución.
- Aplicar técnicas de resolución de conflitos.
- Autoavaliar a competencia social

Criterios de cualificación:

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de AVALIACIÓN CONTINUA e integral do alumnado que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase diariamente tanto de xeito individualizado como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación contidos nas distintas unidades didácticas. As avaliacións trimestrais virán determinadas por:

1. Probas escritas (40%).

Realizaranse probas escritas que, en función da materia a avaliar, poderán ser de diverso tipo: test, preguntas breves, preguntas longas a desenvolver, casos prácticos... A proba escrita suporá un 40% da cualificación final do módulo.

2. Traballos (40%).

As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo servirán para avaliar procedementos. Trátase de traballos individuais e grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedementais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 40% da cualificación do módulo.

No caso dos traballos en grupo a cualificación poderá ser diferente para os cada un dos integrantes, en función do seu grao de participación e implicación.

No caso de retraso na entrega de traballos poderá penalizarse na nota do mesmo.

3. Actitude (20%).

A cualificación tamén contemplará a actitude do alumnado. Valorarase a puntualidade, a actitude de respecto cara á profesora e cara aos



compañeiros/as, receptividade, iniciativa, interese, presentación axeitada dos distintos materiais solicitados, a participación e a predisposición para o traballo en equipo, as achegas complementarias e todos aqueles aspectos actitudinais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Suporán un 20% da cualificación final do módulo.

O alumnado deberá ter superadas previamente cada unha das partes avaliadas de maneira independente, é dicir, cómpre ter un mínimo de 5 puntos, segundo a porcentaxe correspondente, en cada unha das partes por separado (na proba teórica, nos procedementos desenvolvidos e nos aspectos actitudinais) para superar o módulo. A efectos de calcular a devandita media, e de forma excepcional, poderase ter en conta unha cualificación inferior a 5 (e nunca por debaixo dun 4). (Terá que ter os CA mínimos de cada UD para poder aprobar)

Para superación positiva do módulo é necesaria a presentación e avaliación positiva de todas as actividades e probas desenvolvidas ao longo do trimestre, polo que se a profesora estima que nalgún caso o aproveitamento e participación por parte de un alumno/a non é o axeitada, ou ben por non asistir a clase ou non levar a cabo determinadas actividades, poderá esixirle a estes alumnos/as traballos complementarios.

Para aprobar o módulo é imprescindible ter cada unha das avaliacións aprobadas.

A nota final do módulo obterase da media aritmética das tres avaliacións (unha vez aprobadas)..

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A superación das tres avaliacións parciais supón aprobar o módulo. No suposto de que se aprrobe só unha ou dúas das avaliacións parciais, gardaranse as partes superadas e realizaranse actividades de recuperación do resto, no período establecido a tal efecto.

A recuperación consistirá nun exame teórico-práctico sobre os contidos pendentes das avaliacións parciais e/ou na realización e defensa de traballos.

Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a cinco. Polo tanto, o alumnado que obteña menos dun 5 sobre 10 no exame/traballo non recuperará as partes pendentes e non superará o módulo.

O alumnado que obteña un 5 ou máis sobre 10 no exame/traballo, recuperará as partes pendentes.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Determinación da perda do dereito a avaliación continua:

- Tal e como se establece nas Normas de Organización y Funcionamento (NOF) do CIFP COMPOSTELA: ao alumnado de Ciclos Formativos de grado medio e superior, aplicaráselles o disposto no apartado 3 do artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: "O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas." Atendendo as circunstancias anteriormente mencionadas, e para acadar un criterio claro e homoxéneo á hora de proceder, establececese para todos os módulos un máximo dun 10 % para faltas sen xustificación, ampliando dita porcentaxe un máximo dun 5% con xustificación. En todo caso un alumno ou alumna para cada módulo que curse non poderá ter máis do 10% de faltas sen xustificar e un 5% xustificadas, podendo chegar cos dous conceptos ata o 15% no curso académico.

Polo tanto, neste módulo establécese un total de

-12 Faltas sen xustificar

- 6 Faltas xustificadas



O alumno/a será apercibido/a cando:

- Supere o número de faltas equivalente ó 6% da duración do módulo: 7 faltas de asistencia sin justificar
- Perda do dereito a asistencia a clases, superado o 10% da duración do módulo: 12 faltas de asistencia sin justificar

Na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercibimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

Proba de avaliación extraordinaria para o alumnado que perde o dereito de avaliación continua:

Tal e como indica a lexislación vixente,

O alumnado que perde o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente. O devandito alumnado non terá dereito a realizar para eses módulos as correspondentes actividades de recuperación a que se refiren os artigos 29.3, 31.4 e 34.3 da Orde do 12 de xullo de 2011, e no caso do segundo curso do réxime ordinario non terá acceso ao módulo de Formación en centros de traballo no período ordinario.

Aquel alumnado que perda o dereito á avaliación continua terá que realizar unha proba de avaliación extraordinaria no mes de xuño, sendo requisito imprescindible aprobar a parte correspondente a cada avaliación, cunha nota mínima de 5, é dicir, é necesario aprobar cada avaliación por separado, do contrario o exame estará suspenso.

Trátase dunha avaliación dos contidos teórico-prácticos que consistirá na realización dunha proba final (oral e/ou escrita) sobre os contidos do módulo.

Convén matizar que o alumnado non perde o dereito de asistir ás clases aínda que perdera a avaliación continua.

A proba final de perda de avaliación continua será unha proba singular e adaptada a cada un dos alumnos e alumnas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizarase o modelo do procedemento de Programación establecido (utilizando, se é o caso a plataforma habilitada a tal efecto), que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso

Ao final de curso realizarase a avaliación final desta programación didáctica, anotaranse todas as incidencias acaecidas ao longo do curso. Esta avaliación será realizada pola profesora, que realizará a MEMORIA FINAL do módulo, no que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A normativa vixente establece que no inicio de curso realizarase unha avaliación inicial na que participará todo o equipo de ciclo. Do mesmo xeito



ao longo do mes de setembro realizarase unha avaliación inicial sobre os contidos do módulo. O procedemento será o seguinte:

- Rexistrar as situacións persoais que poidan incidir no seguimento do módulo por parte do alumnado.
- Proba inicial de coñecementos sobre o módulo que permita saber o punto de partida do alumnado.
- Entrega do programa do módulo e aclaración de dúbidas.
- Folla de expectativas do alumnado acerca do módulo.

Avaliación inicial:

1. Qué esperas deste curso?.
2. Traballaches ou traballas no ámbito da atención a persoas en situación de dependencia?
3. Cal son as túas perspectivas educativas ou profesionais ao finalizar este ciclo?.
4. Qués esperas deste módulo?
5. Como cres que contribúe a formación relativa ao módulo de Destrezas Sociais de cara ao desempeño da actividade profesional asociada a este ciclo formativo?.
6. Qué dirías que é un grupo?.
7. Coñeces algunha técnica relacionada coa dinámica de grupos?.
8. Cómo tratarías de resolver un conflito grupal?.
9. Qué características debería ter un líder?.
10. Cres que as habilidades sociais se poden aprender?. Razona a resposta.
11. Qué cualidades deberías posuír como técnico/a en atención a persoas en situación de dependencia?

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Se ben é certo que aquí imos contemplar medidas de atención á diversidade xerais dirixidas a todo o alumnado, non podemos esquecer que segundo a lexislación vixente enténdese que na formación profesional pode existir alumnado que precise unha atención máis específica derivada de situacións de discapacidade ou trastornos de conduta. Para estes casos, a lexislación contempla a flexibilización modular de ciclos formativos, que consiste na autorización para que o alumnado poida cursar o ciclo formativo de xeito fragmentado por módulos cunha temporalización distinta da habitual.

De forma xeral, no módulo de destrezas sociais implantaranse conforme ás necesidades detectadas nos alumnos/as medidas tanto curriculares como organizativas. Destacamos algunhas das que se levarán a cabo de xeito ordinario:

- Adaptación no proceso de ensinanza-aprendizaxe aos ritmos e tempos individuais.
- Planificar actividades para determinar cales son os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Ter en conta os intereses do alumnado na programación e funcionalidade das aprendizaxes.
- Crear un clima de respecto e tolerancia e valoración mutua.
- Métodos alternativos de ensinanza-aprendizaxe.
- Maior tempo para a consecución dos obxectivos.
- Diseñar diferentes actividades e situacións para avaliar o mesmo contido.
- Adaptando os instrumentos de avaliación ás necesidades capacidades potenciais do alumnado.
- Materiais adaptados ás súas necesidades.
- Adecuación de espazos na aula que favorezan a mobilidade do alumnado e posibilite distintos tipos de traballo de forma simultánea e diferentes agrupamentos.

Como MEDIDAS DE REFORZO no caso de alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados, o docente desenvolverá diferentes medidas de reforzo educativo que poden consistir en lecturas complementarias, titorías individualizadas e grupais, realización de probas



teórico-prácticas con redución de contidos, e calquera outra actividade que, adaptada ás necesidades do alumnado poidan ser necesarias para acadar ditos obxectivos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo traballárase coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro.

Para este módulo podemos destacar:

1. Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
2. Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
3. Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
4. Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
5. Educación para o consumo responsable: Fomentarase entre o alumnado un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)
6. Interculturalidade: Traballando desde o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao tratarse éste dun módulo transversal, en todas actividades programadas polo departamento para o CM de Atención a persoas en situación de dependencia (Educación para adultos) o alumnado poderá relacionar e poñer en práctica as aprendizaxes adquiridas no módulo, como a escoita activa nas charlas e ou visitas a centros, a empatía, o autocontrol, as habilidades relacionadas coa exposición pública...

En todo caso, propóñense como actividades complementarias para este módulo:

- Charla: Intelixencia emocional.
- Visira a un centro de día: ASPANAES
- Visita a un centro de diversidade funcional intelectual: Residencia Juan Vidán e/ou ASPAS
- Visita a un centro de Educación Especial: CEE A Barcia
- Visita a una residencia: SARQUAVITAE
- Axudas técnicas, ASPAS San Marcos, CEE Príncipe Felipe, Fonte da Virxe, BATA, Centro de promoción da autonomía persoal de Bergondo,



Geriatros Pontepedriña.

- Taller de Masaxe e de relaxación.

Colaborarase nas actividades promovidas dende o departamento e nas actividades realizadas no centro: MAGOSTO; Samain; Nadal; Entroido....

Actividades que se poderán completar con aquelas que se consideren oportunas para o bo desenvolvemento do módulo.

10. Outros apartados

10.1) Metodoloxía e recursos

Tratarase dunha metodoloxía activa, participativa e flexible. Activa, xa que o alumnado será o protagonista das sesións, enfocadas a que este aprenda a ser autónomo e contribuír aos seus propios aprendizaxes. Participativa, dado que o alumnado participará dun modo ou outro en todos os procesos, e flexible, xa que tratarase sempre de adaptala ás características individuais do alumnado. Este enfoque metodolóxico está baseado nunha idea constructivista da aprendizaxe.

Concretamente, o proceso de ensino-aprendizaxe estará baseado nos seguintes principios metodolóxicos:

- Todo proceso de aprendizaxe é un proceso interactivo, de ahí a importancia da participación e o traballo en equipo.

- O alumnado é, en última instancia, quen realiza o seu propio coñecemento; aínda que o profesorado é quen debe actuar como guía proporcionando os recursos necesarios e planificando as situacións para que se poidan levar a cabo as aprendizaxes.

- A intervención educativa debe partir dos coñecementos previos do alumnado e os seus intereses. Estes son a base que permitirá aprendizaxes verdadeiramente significativas.

- A acción educativa debe asegurar aprendizaxes funcionais e prácticas, ofrecendo diferentes experiencias asociadas coa realidade profesional.

- A intervención educativa debe dar resposta á diversidade do alumnado, marcada polas diferentes características persoais e dos entornos sociais.

En canto aos recursos:

O espazo da aula organizarase dun xeito flexible para facilitar as distintas formas de agrupamento e en concordancia coas necesidades das actividades que se desenvolvan. Tamén se utilizarán outros espazos do centro educativo como a biblioteca, a aula de informática e o exterior.

Os materiais didácticos.-

- Recursos audiovisuais.- Ordenador da aula e proxector.

- Recursos informáticos.- Ordenadores.

- Recursos materiais.- Material funxible.

10.2) Plataforma educativa

Como espazo soporte utilizarase a plataforma educativa EDMODO; ferramenta que será usada como elemento de comunicación, onde se colgarán documentos xerais de importancia para o módulo de Habilidades Sociais (Programación, normas de entrega de traballos, cómo citar bibliografía e webgrafía,...), así como para avisos de importancia.

O seu obxectivo fundamental, sen embargo, é a organización da distinta documentación das UD's e a entrega de actividades; xerando, así, estudo-aprendizaxe en varios formatos, axudando a construír unha visión xeral e completa da materia e facilitando o manexo e revisión de toda a información incorporada na aula.

Será, polo tanto, utilizada como ferramenta didáctica na que será necesario cumprir coas normas establecidas polo docente en canto a: prazos, formatos de entrega de actividades, especificacións das tarefas, tipo de intercambio de información aceptada nos foros (só aceptada información académica),...



10.3) Bibliografía

O texto de referencia de McGraw-Hill: Destrezas Sociales. O que facilitará ao alumnado o ter un manual de referencia.

Á parte dos apuntamentos que se lle entregarán. Donde se farán algunhas actividades que se consideren importantes para acadar os obxectivos.

Relación de bibliografía:

Verdugo Alonso, Miguel Angel: P.H.S., Programa de Habilidades Sociales Programas Conductales Alternativos - 2ª Ed. Amaru Ediciones - 2003

Roca, Elia : Como Mejorar Tus Habilidades Sociales : Programa de Asertividad, Autoestima e Inteligencia Emocional - 2ª Ed. Rev. Acde Cooperacion y Desarrollo ¿ 2005.

Jeffrey A. Kelly: Entrenamiento de las Habilidades Sociales. Editorial Desclée de Brouwer. Bilbao, 2002. 8ª ed.

Caballo, Vicente: Manual de evaluación y entrenamiento de las habilidades sociales. Editorial Siglo XXI. 2002.

Flora Davis:La comunicación no verbal. Alianza Editorial, 1976.

Teresa Baró.La gran guía del lenguaje no verbal. Paidos Iberica, 2012.

Ibañez García, Tomás: Introducción á la Psicología Social. Editorial OUC. Barcelona 2004.

Blanco, José Miguel, Davalillo, Alfonso e MarKo, Iñaki: Reuniones. Las personas en las organizaciones. Materiales UPV/EUH. 2006.

Jarés, Xesús R.: Educación para la paz. Su teoría y su práctica, Madrid: Popular 1999